



## RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE 1º ESO

### BOLETÍN DE EJERCICIOS (1º Proba)

#### 1. Completa as frases:

- a. A orixe do Universo débese a unha grande \_\_\_\_\_ chamada \_\_\_\_\_
- b. Os cometas están formados por \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ e atópanse na nube de \_\_\_\_\_
- c. O Sol está formado polos gases: \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_
- d. Os asteroides están formados por \_\_\_\_\_ e encóntanse no \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ e no \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_
- e. A teoría heliocéntrica defendía que \_\_\_\_\_ ocupaba o centro do Universo e foi defendida por \_\_\_\_\_

#### 2. Relaciona cada planeta cunha característica:

- |             |   |
|-------------|---|
| a) Marte    | 1) Ten un satélite chamado Europa.  |
| b) Venus    | 2) Ten o maior volcán do sistema solar e hai moitos anos tivo ríos e mares. |
| c) Xúpiter  | 3) Xira en sentido contrario ao resto dos planetas.                         |
| d) Saturno  | 4) Fai moitísimo calor e frío dependendo de se lle da o Sol ou non.         |
| e) Mercurio | 5) Ten un sistema de aneis  |

3. Elabora un debuxo esquemático da Terra en que se indique o seu eixe de rotación, o sentido de xiro da rotación, os hemisferios e o ecuador. Señala o tempo que tarda en realizar unha rotación e que fenómenos naturais orixina.

4. Completa as frases:

a. Cando a Lúa se interpón entre o Sol e a Terra prodúcese un \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

b. Os momentos do ano en que o día e a noite duran o mesmo chámanse \_\_\_\_\_. Hai dous: de \_\_\_\_\_ e de \_\_\_\_\_

c. As longas cordilleiras submarinas polas que sae lava denomínanse \_\_\_\_\_. Exemplo \_\_\_\_\_

d. O bordo do continente case horizontal e cuberto de auga chámase \_\_\_\_\_

e. As zonas máis profundas dos océanos son as \_\_\_\_\_. Exemplo \_\_\_\_\_

5. Realiza un debuxo esquemático das fases da Lúa.

<p>a. _____</p> <p>b. _____</p> <p>c. _____</p> <p>d. _____</p>
---

6. Completa as frases:

a. A codia nos continentes está formada maioritariamente por \_\_\_\_\_ e baixo os océanos por \_\_\_\_\_


b. A codia \_\_\_\_\_ é máis grosa e menos densa que a codia \_\_\_\_\_

c. O núcleo está formado por \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_


d. A capa que vai desde a codia ata 2900 km chámase \_\_\_\_\_

e. O núcleo externo está en estado \_\_\_\_\_ e o interno en estado \_\_\_\_\_

7. Realiza un debuxo esquemático das capas da xeosfera e as súas divisións internas.



8. Realiza un esquema do perfil dos fondos oceánicos desde a liña de costa ata as zonas máis profundas.



9. Indica o nome dos seguintes minerais:

a. Mineral silicato que pode ser branco, violeta, transparente... e do que se extrae silicio\_\_\_\_\_

b. Mineral silicato que se abre en láminas e pode ser branco ou negro\_\_\_\_\_

c. Mineral non silicato que é un sulfuro de ferro que aparece en cubos dourados\_\_\_\_\_

d. Mineral non silicato nativo de cor amarela e olor desagradable\_\_\_\_\_

e. Mineral non silicato que é un carbonato de calcio\_\_\_\_\_

10. Define e pon un par de exemplos:

a. *Rocha sedimentaria:*

b. *Rocha magmática:*

11. Indica o uso dos seguintes minerais:

a. *Cuarzo.*

b. *Magnetita.*

c. *Xeso.*

d. *Halita.*

e. *Ouro.*

12. Indica se as seguintes frases son verdadeiras ou falsas e corrixe as falsas:

a. A resistencia de un mineral a ser raiado por outro denomínase fortaleza

b. As chairas abisais están no centro dos continentes.

c. Desde a Terra sempre vemos a mesma cara da Lúa.

d. Venus ten un atmosfera moi densa de dióxido de carbono.

e. A gran mancha vermella está en Saturno

13. Completa as frases:

a. Os gases que forman a atmosfera están na seguinte proporción:

78% de \_\_\_\_\_ 21% de \_\_\_\_\_, 0'9% de \_\_\_\_\_ e 0'03%  
de \_\_\_\_\_


b. Hai 2500 millóns de anos empezaron a formarse as primeiras comunidades de  
\_\_\_\_\_ fotosintéticas e comezaron a proporcionar \_\_\_\_\_ a atmosfera.

c. A \_\_\_\_\_ está entre aproximadamente os 15 km e os 50 km, nesta capa atópase a capa de \_\_\_\_\_

d. O 90% do aire da atmosfera encóntrase na \_\_\_\_\_ e os raios X e gamma absórbense na \_\_\_\_\_

e. A primeira atmosfera que tivo a Terra foi eliminada antes de que houbera campo magnético por o \_\_\_\_\_

14. Rotula no seguinte esquema as capas da atmosfera e a superficie de separación entre elas.



15. Completa as frases:

a. A presión atmosférica é o \_\_\_\_\_ que exerce o aire sobre a \_\_\_\_\_ A presión atmosférica mídese con un instrumento chamado \_\_\_\_\_

b. No hemisferio norte, as zonas onde a presión atmosférica é menor que nos arredores chámanse \_\_\_\_\_ e o aire xira \_\_\_\_\_ das agullas do reloxo

c. Nas borrascas o aire tende a \_\_\_\_\_ e nos anticiclóns a \_\_\_\_\_. Cando hai borrascas \_\_\_\_\_ e cando hai anticiclóns hai \_\_\_\_\_

d. As nubes de tormentas chámanse \_\_\_\_\_ e as de chuva \_\_\_\_\_

e. O tempo meteorolóxico e o estado da \_\_\_\_\_ nun momento e \_\_\_\_\_ determinado. O clima é unha \_\_\_\_\_ do tempo meteorolóxico ao longo dun período de \_\_\_\_\_

**16. Relaciona as dúas columnas**

<b>PROBLEMAS</b>	<b>CONTAMINANTE</b>
Quecemento global	CO
Burato capa de ozono	Óxidos de xofre e nitróxeno
Chuvia ácida	Gases variados (óxidos, ozono) e po
Gas velenoso que produce asfixia rapidamente	CO <sub>2</sub>
SMOG (cúpula de fume e néboa nas cidades)	CFC

**17. Cita accións que ti poidas realizar para evitar o cambio climático.**

**18. Completa as frases:**

a. A porcentaxe de auga salgada na Terra é de \_\_\_\_\_. Da auga doce: o 79% está como \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_, o 20% son augas \_\_\_\_\_ e o 1% se atopa en \_\_\_\_\_

b. A auga serve como medio de transporte nos organismos por que é un bo \_\_\_\_\_. A auga ascende polo interior dos vasos condutores das plantas por que é unha substancia \_\_\_\_\_


c. O paso de vapor a líquido para formar nubes chámase \_\_\_\_\_. A evaporación de auga polos seres vivos denomínase \_\_\_\_\_. A auga que penetra no terreo denomínase \_\_\_\_\_ e a auga que cae das nubes chámase \_\_\_\_\_

d. Exemplos de contaminantes biolóxicos das augas son \_\_\_\_\_ e de contaminantes líquidos \_\_\_\_\_

e. Impactos negativos sobre a hidrosfera son: a \_\_\_\_\_ de augas subterráneas e superficiais e a \_\_\_\_\_ dos aquíferos.

19. Indica na figura do ciclo da auga onde se producen os seguintes procesos:

*evaporación, condensación, escoamento superficial, infiltración e precipitación.*



20. Indica tres maneiras mediante as cales os seres humanos contaminamos a auga.

21. Como se depuran as augas residuais xeradas nas poboacións?

22. Relaciona cada proceso coa función vital dos seres vivos que lle corresponde:

<b>Proceso</b>	<b>Nutrición</b>	<b>Relación</b>	<b>Reprodución</b>
A raíz dunha planta medra cara á escuridade.			
Cando vai calor ou fas exercicio, súas.			
Cando necesitas un extra de osíxeno nos teus músculos, aumentas a frecuencia respiratoria.			
Os cloroplastos das plantas fan a fotosíntese.			
A partir dun organismo unicelular fórmanse dous.			

23. Completa as seguintes frases:

a. Os seres vivos presentan as seguintes características: están constituídos por substancias orgánicas, realizan tres \_\_\_\_\_ e están formados por \_\_\_\_\_

b. Os dous elementos mas abundantes nos seres vivos son: \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_

c. As substancias orgánicas que forman os seres vivos son: \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_

d. Os sales minerais son substancias inorgánicas que se poden atopar nos seres vivos formando \_\_\_\_\_

e. As células procariotas teñen o material xenético disperso no \_\_\_\_\_

24. Da seguinte lista, que podemos atopar nunha célula procariota? Rodea as correctas:

*gran vacúolo central – ribosomas – núcleo – membrana plasmática – cápsula bacteriana – parede celular material xenético disperso – flaxelo – mitocondrias – cloroplastos – retículo endoplasmático*



**25.** Relaciona as estruturas celulares e a función:

- 1) *Mitocondria*
- 2) *Ribosoma*
- 3) *Núcleo*
- 4) *Cloroplasto*

- a) *Membrana plasmática*
- b) *Fabrica proteínas*
- c) *Dirixe o funcionamento da célula*
- d) *Produce enerxía*
- e) *Protexe á célula e regula o paso de substancias co exterior*
- f) *Realiza a fotosíntese*

**26.** Copia cada orgánulo ou estrutura celular onde corresponda:

*ribosomas, retículo endoplasmático, parede celular, cloroplasto, mitocondria, núcleo, vacúolo grande e no centro, aparello de Golgi, centrosoma, membrana plasmática.*

<b>Célula animal</b>	<b>Célula vexetal</b>

**27.** Que é a nutrición autótrofa? Que tipos de seres vivos utilizan esta forma de nutrición?

**28.** Que é a nutrición heterótrofa? Que tipos de organismos utilizan esta forma de nutrición?

29. Completa a seguinte táboa:

<b>REINO</b>	<b>Tipo de nutrición</b> <i>Autótrofa / Heterótrofa</i>	<b>Organización celular</b> <i>Unicelular / Pluricelular</i>	<b>Tipo de células</b> <i>Procariota / Eucariota</i>	<b>Presenza de tecidos</b> <i>Si / Non</i>	<b>Exemplos</b>
<b>Moneras</b>					
<b>Protistas</b>					
<b>Fungos</b>					
<b>Plantas</b>					
<b>Animais</b>					

**30.** O lobo ten como nome científico *Canis lupus*. Que palabra fai referencia ao xénero? E á especie? Como se denomina esta nomenclatura?